

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000247	CPI de Cova Terreña	Baiona	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	6º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

Nesta materia o alumnado terá que adoptar un coñecemento de si mesmo e da contorna que o rodea, adaptándose a el e sendo capaz de contribuír ao seu avance e conservación comprometidos, así, co planeta e coas persoas.

Isto supón que debe recoñecer a a diversidade como riqueza pluricultural, a resolución pacífica de conflitos e a aplicación crítica dos mecanismos democráticos de participación cidadá (Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Convención sobre os Dereitos do Neno, principios recollidos no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución, valores do europeísmo e compromiso cívico e social).

Deberá adquirir tamén os coñecementos, as destrezas e actitudes relacionadas co uso seguro e fiable das fontes de información e coa educación para o desenvolvemento sustentable e a cidadanía global (obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030) Promoverase o desenvolvemento dunha cultura científica baseada na indagación para formar unha cidadanía con pensamento crítico, capaz de tomar decisións ante as situacións que se lle expoñan, xa sexa no ámbito persoal, social ou educativo. Proporcionarlle una base científica sólida e ben estruturada axudará ao alumnado a comprender o mundo en que vive, animarao a coidalo, respectalo e valoralo, propiciando o camiño cara a unha transición ecolóxica xusta.

Coa realización de proxectos interdisciplinares cooperativos, nos que se resolva un problema ou se dea resposta a unha necesidade da contorna próxima, desenvolverán as competencias necesarias para facer un uso seguro, eficaz e responsable das tecnoloxías da información e da comunicación respondendo ao requirimento da sociedade actual.

Os proxectos que lle propoemos partirán dos centros de interese do alumnado e da súa realidade próxima, achegándoo ao descubrimento, á observación e á indagación dos distintos elementos naturais, sociais e culturais do mundo que o rodea.

Estruturaremos os criterios de avaliación e contidos ao redor de seis proxectos: Barcos cargados de historia, Convivimos en harmonía, Xa está aquí o inverno, Unha ollada ao que o mar nos deixou, Cociñamos culturas e Quen somos e onde vivimos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Barcos cargados de historia	<p>O alumnado confeccionará trípticos e carteis sobre a Carabela Pinta, relacionados coa Arribada de Colón a Baiona para entregarllos á Concellería de Turismo do Concello de Baiona. Como actividade previa de motivación realizarán unha visita ao Museo da Carabela Pinta, ubicado na réplica da mesma que hai na Vila. Tamén visitarán á Casa da Navegación.</p> <p>Realizarán actividades de documentación, busca, análise e selección de información sobre o tempo histórico, a Idade Moderna, SXVI, arte e literatura. Era dos descubrimentos e acontecementos fundamentais; A nosa Galaxia; Reflexionarán e tomarán decisións sobre a representación e comunicación do coñecemento adquirido a través de diferentes fontes e textos (cartografía, planos) Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCSS, LGL, MATE, EPV e CCNN.</p> <p>O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas.</p>	20	14	X		
2	Convivimos en harmonía	<p>Cada un dos equipos cooperativos organizados na aula, empregando ferramentas da plataforma E-Dixgal, elaborarán carteis sobre a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia. Para a súa creación utilizarán a estrutura ¿ordenador xiratorio¿.</p> <p>Para chegar ao produto final realizarán actividades de documentación, busca, análise e selección de información sobre a Constitución e o Estatuto de Autonomía. Reflexionarán e tomarán decisións sobre a representación e comunicación do coñecemento adquirido a través de diferentes fontes e textos.</p> <p>Elaborarán tamén un mural sobre a resolución pacífica de conflitos que se colocará no corredor do colexio.</p> <p>Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCSS, LCL, LGL e EVCE. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación.</p>	15	12	X		
3	Unha ollada ao que o mar nos deixou.	<p>O alumnado deseñará e confeccionará un folleto-guía para a viaxe que se realizará a O Grove.</p>	15	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Unha ollada ao que o mar nos deixou.	<p>Buscará, seleccionará e elaborará información sobre a arte e sociedade na Idade Media, o Románico e o Gótico, realizando unha comparativa entre as vilas mariñeiras de Baiona e O Grove. O alumnado, en equipos , intentará localizar e identificar (durante unha saída pola contorna), monumentos/arte con esas características utilizando a estrutura cooperativa ¿lapis ao centro?. Completarán o folleto con instrucións sobre seguridade viaria relacionada coa viaxe. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCSS, EPV, LCL e LGL.</p>	15	10		X	
4	Xa está aquí o inverno	<p>O alumnado realizará un informe cos resultados do estudo comparativo das precipitacións rexistradas durante os meses de inverno nas catro provincias de Galicia. No informe incluírán a análise dos datos obtidos así como as semellanzas e diferencias existentes e aportarán hipótese sobre as causas e a influencia na paisaxe. Utilizarán instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. Realizarán investigacións en equipos cooperativos, para fomentar a curiosidade, o interese, o pensamento autónomo e crítico e a iniciativa na súa aprendizaxe. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCSS e Matemáticas. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas.</p>	15	10		X	
5	Cociñamos culturas	<p>O alumnado preparará unha xornada de acollida ás familias de compañeiros e compañeiras que viñeron de fóra de Galicia cun evento gastronómico no que se degustarán receitas representativas de cada país ou rexión e se compartirán diferentes informacións. Analizará procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando e apreciando a diversidade lingüística, cultural e os movementos migratorios, mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos</p>	20	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Cociñamos culturas	indicados das áreas de CCSS, LCL e LGL. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas.	20	12			X
6	Quen somos e onde vivimos	O alumnado, en equipos cooperativos, preparará unhas charlas para os compañeiros/as de nivel, co apoio dunhas maquetas que elaborarán sobre o tema. Realizarán actividades de documentación, busca, análise e selección de información sobre a estrutura e os niveis de organización dos seres vivos. Reflexionarán e tomarán decisións sobre a representación e comunicación do coñecemento adquirido a través de diferentes fontes e textos (maquetas, carteis) tendo en conta a estrutura e dimensión das mesmas. Realizarán conxecturas matemáticas simples e investigarán patróns, propiedades e relacións, explicando ideas e procesos, identificando características dos obxectos, medindo e estimando medidas, elaborando hipóteses de posibles solucións a problemas propios dese contexto. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCNN e Matemáticas. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas.	15	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Barcos cargados de historia	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar recursos dixitais de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	TI	100
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Formular preguntas e realizar predicións sobre o medio natural, social ou cultural		
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Analizar relacións entre diferentes elementos do medio social e cultural situando cronoloxicamente os feitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- O futuro da Terra e do universo. Os fenómenos físicos relacionados coa Terra e o universo e a súa repercusión na vida diaria e na contorna. A exploración espacial e a observación do ceo; a contaminación lumínica; a concienciación polo coidado do medio.</li> <li>- A contorna que nos rodea. A diversidade xeográfica de España e de Europa. Representación gráfica, visual e cartográfica a través de medios e recursos analóxicos e dixitais usando as tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Temas de relevancia na historia: Idade Contemporánea, transformacións económicas, políticas, sociais e culturais, o papel representado polos suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Convivimos en harmonía	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia.	Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta	TI	100
CA3.4 - Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía.	Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea		
CA4.4 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os principios e valores dos dereitos humanos e da infancia, o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Constitución española, dereitos e deberes da cidadanía. A contribución do Estado e as súas institucións á paz, a seguridade integral e a cooperación interna</li> <li>- A organización política. Principais entidades políticas e administrativas da contorna local, autonómica e nacional en España. Sistemas de representación e de participación política.</li> <li>- España e a Unión Europea. Formas de goberno. Fórmulas para a participación da cidadanía na vida pública.</li> <li>- España e Europa. As principais institucións de España e da Unión Europea, dos seus valores e das súas funcións. Os ámbitos de acción das institucións europeas e a súa repercusión na contorna.</li> <li>- Cidadanía activa. Fundamentos e principios para a organización política e xestión do territorio en España. Participación social e cidadá.</li> <li>- O papel da muller na historia e os principais movementos en defensa dos seus dereitos. Situación actual e retos de futuro na igualdade de xénero.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Unha ollada ao que o mar nos deixou.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando diferentes modelos na nosa sociedade.	TI	100
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Valorar, protexer e mostrar actitudes de mellora do patrimonio natural e cultural		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñecer persoas, grupos sociais e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: a discriminación positiva.</li> <li>- Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarios. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.</li> <li>- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais). As pegadas da historia na contorna.</li> <li>- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en España e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Xa está aquí o inverno	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar, seleccionar e contrastar información adquirindo léxico científico en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	TI	100
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos.</li> <li>- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise, individual e cooperativamente, facilitando o diálogo e a resolución de conflitos.</li> <li>- O clima e o planeta. Introducción á dinámica atmosférica e ás grandes áreas climáticas do mundo. Os principais ecosistemas e as súas paisaxes.</li> <li>- O cambio climático. Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia, interdependencia e interrelación entre persoas, sociedades e medio natural.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Cociñamos culturas	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual	TI	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia.	Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, particularmente as propias do pobo xitano. Recoñecemento da diversidade cultural e lingüística de España.</li> <li>- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: a discriminación positiva.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Quen somos e onde vivimos	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos	TI	100
CA2.3 - Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.	Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados e a protección das persoas e do planeta		
CA2.4 - Participar con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	Participar na procura, contraste e avaliación da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.		
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual,		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario.
- A relación entre os avances en matemáticas, ciencia, enxeñería e tecnoloxía para comprender a evolución da sociedade no ámbito científico-tecnolóxico.
- Estratexias de procura e selección de información en Internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación.
- Axenda Urbana. O desenvolvemento urbano sustentable. A cidade como espazo de convivencia.
- Economía verde. A influencia dos mercados (de bens, financeiro e laboral) na vida da cidadanía. Os axentes económicos e os dereitos laborais desde unha perspectiva de xénero. O valor social dos impostos. Responsabilidade social e ambiental das empresas. P
- Estilos de vida sustentable: a pegada ecolóxica.
- Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, particularmente as propias do pobo xitano. Recoñecemento da diversidade cultural e lingüística de España.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A aprendizaxe competencial caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. Require, polo tanto, dunha visión interdisciplinaria e da personalización da educación.

Así, para sentar as bases que lle faciliten ao alumnado a adquisición e desenvolvemento das competencias clave determinadas no perfil de saída da educación primaria -empregaremos aquelas alternativas metodolóxicas que nos permitan garantir a inclusión educativa e a atención personalizada:

Poremos, tamén, énfase en favorecer a participación e a convivencia positiva na aula, xerando un clima de confianza no que o erro se entende como fonte de aprendizaxe.

Fomentaremos o traballo colaborativo e en equipo empregando estratexias de aprendizaxe cooperativa.

Potenciaremos a realización de aprendizaxes significativas que promovan o desenvolvemento da autonomía, a reflexión, a responsabilidade e a capacidade de aprender por si mesmos.

Deseñaremos propostas que integren todos os elementos do currículo. Estas tarefas e actividades ou proxectos estarán relacionados coa resolución de problemas en contextos da vida real e facilitarán a integración de distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, de xeito que lle permitan avanzar en máis de unha competencia ao mesmo tempo.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

#### Denominación

Procuraremos que o mobiliario e a disposición da clase favorezan os seguintes aspectos:

O acceso fácil e directo aos materiais para que o alumnado poida usalos sen dificultade e así fomentar a autonomía.

A presenza de lugares para a exposición permanente da actividade da clase.

A libre expresión e participación do alumnado.( carteis, buzóns de suxestións,etc)

Sabendo que os espazos de circulación e comunicación: corredores, vestíbulos , escaleiras, etc, ademais de cumprir a función de permitir unha circulación física , facilitan a comunicación do traballo que se desenvolve no centro, dos produtos finais dos proxectos que se están desenvolvendo, etc., terémolo en conta no momento de deseñar as distintas actividades.

Ao longo do curso utilizaremos distintos espazos, materiais e recursos didácticos. O espazo educa e facilita a aprendizaxe. Os últimos estudos en Neurociencia poñen en valor, entre outros aspectos, que o entorno físico no que se dá a aprendizaxe afecta ao noso cerebro e que unha iluminación axeitada incide positivamente no benestar físico e emocional do alumnado, as vistas externas e a luz natural favorecen a concentración nas tarefas. Así, sempre que sexa posible, realizaremos actividades en espazos exteriores.

Para a realización das tarefas interdisciplinares programadas empregaremos todos os recursos TIC que temos á nosa disposición e ademais aqueles que sexan necesarios en cada caso: biblioteca de centro e de aula, xornais, visitas, participación de persoas expertas..., materiais de refugallo e o material funxible necesario (aportado polo alumnado, polo centro ou da natureza) para a confección dos produtos finais.

### **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

Na avaliación inicial teremos en conta os datos aportados por

1º.- A análise da información do curso anterior composta por:

-Acta sesión avaliación final.

-Resultados académicos do grupo-clase.

-Informes individualizados.

-Datos recollidos nas reunións entre titores/docentes establecidas para o traspaso de información.

- Informacións obtidas das familias.

2º.- Os resultados das probas iniciais realizada, tendo en conta:

-os criterios de avaliación e indicadores de competencias do curso anterior.

-o emprego de instrumentos de avaliación variados.

### **5.2. Criterios de cualificación e recuperación**

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

#### **Criterios de cualificación:**

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da área na avaliación serán os criterios de avaliación que figuran no currículo e na programación. Polo tanto, aplicaranse os criterios de cualificación determinados en cada tarefa integrada/ proxectos aplicando as porcentaxes asignadas. A cualificación de cada un dos criterios obterase da valoración das evidencias/información do desempeño do alumnado, recollida cos instrumentos de avaliación e cualificación establecidos para cada un deles.

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación.

#### **Criterios de recuperación:**

A avaliación do alumnado debe ser global, continua e formativa, e terá en conta o desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe e os obxectivos da área trabállanse en todas as avaliacións xa que se trata dun currículo competencial. Tendo isto en conta a recuperación integrarase na avaliación seguinte, aplicando os mesmos instrumentos de avaliación. Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado logre unha cualificación positiva. En cada caso aplicaranse as medidas de reforzo educativo adecuadas en calquera momento do curso.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Atenderemos á diversidade rexéndonos polos principios de inclusión, promovendo a presenza, participación e progreso de todo o alumnado con independencia das súas características.

Programaremos as tarefas/proxectos interdisciplinares e planificaremos as situacións de aprendizaxe e a avaliación deseñando actividades e empregando os recursos que nos permitan atender aos principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionar múltiples formas de Implicación, proporcionar múltiples formas de Representación e proporcionar múltiples medios de Acción e Expresión.

Sabemos que a Aprendizaxe Cooperativa, ademais dun medio para desenvolver as competencias clave, é unha condición e un instrumento para a inclusión, para o desenvolvemento da solidariedade e a cohesión social. Polo tanto estruturaremos a aula de forma cooperativa, seguindo as pautas establecidas no programa CA/AC (Cooperar para

Aprender/ Aprender a Cooperar), recollido no Plan de Convivencia do Centro. En definitiva, poremos en práctica, nas aulas, un conxunto de actuacións para que o alumnado aprenda, practicándoas, as habilidades sociais imprescindibles para traballar en equipo: escoitar con atención aos compañeiros/as, usar un ton de voz adecuado, respectar a quenda de palabra, compartir ideas, preguntar e pedir axuda con corrección, axudar aos compañeiros/as, rematar as tarefas, estar atentos, etc.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade entre mulleres e homes.		X				
ET.7 - A educación para a paz		X				
ET.8 - A educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible						X
ET.9 - A educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual			X			
ET.10 - A educación emocional e en valores					X	
ET.11 - A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social		X				
ET.12 - A aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político; a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos.	X					
ET.13 - A pluralidade, o respecto polo Estado de dereito.		X				

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.14 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas así como os que supoñan discriminación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transxénero e intersexual.						X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída pola contorna. Visita á Carabela Pinta. Elaboración de trípticos sobre este Museo. Proxecto: Barcos cargados de historia.	O alumnado confeccionará trípticos sobre a Carabela Pinta, relacionados coa Arribada de Colón a Baiona para entregarllos á Concellería de Turismo do Concello de Baiona. Para a elaboración dos mesmos, o alumnado traballará en equipo utilizando estruturas simples de aprendizaxe cooperativa. Para compartir coa comunidade educativa e que poidan ser descargados, publicaranse na páxina web do colexio. Como actividade previa de motivación realizarán unha visita ao Museo da Carabela Pinta, ubicado na réplica da mesma que hai na Vila.	X		
Saída pola contorna. Visita á Casa da Navegación. Creación de carteis sobre a Arribada. Proxecto: Barcos cargados de historia.	O alumnado confeccionará carteis relacionados coa Arribada de Colón a Baiona para entregarllos á Concellería de Turismo do Concello de Baiona. Para a elaboración dos mesmos, o alumnado traballará en equipo utilizando estruturas simples de aprendizaxe cooperativa. Como actividade previa de motivación realizarán unha visita á Casa da Navegación, en Baiona.	X		
Exposición carteis sobre a Constitución. Proxecto: Convivimos en harmonía.	Cada un dos equipos cooperativos organizados na aula, empregando ferramentas da plataforma E-Dixgal, elaborarán carteis sobre a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia. Para a súa creación utilizarán a estrutura ¿ordenador xiratorio¿.	X		
Informe sobre as precipitacións. Proxecto: Xa está aquí o inverno.	O alumnado elaborará un informe cos resultados do estudo comparativo das precipitacións rexistradas durante os meses de inverno nas catro provincias de Galicia. No informe incluírán a análise dos datos obtidos así como as semellanzas e diferencias existentes e aportarán hipótese sobre as causas e a influencia na paisaxe. Compartirán a información coa comunidade educativa na Semana da Ciencia do colexio.		X	
Saída pola contorna. Arte en Baiona. Proxecto: Unha ollada ao que o mar nos deixou.	Nesta saída, o alumnado, en equipos cooperativos, intentará localizar e identificar monumentos/arte con características do Románico, do Gótico e características dunha vila mariñeira.		X	



Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Viaxe a O Grove. Elaboración dun folleto-guía. Proxecto: Unha ollada ao que o mar nos deixou.	Nesta viaxe, o alumnado poderá apreciar o traballado na aula, as súas investigacións. Aproveitarán para utilizar nesta saída o folleto-guía que elaboraron despois de buscar e seleccionar información sobre os monumentos/arte a visitar nesta vila mariñeira e de realizar a comparativa entre esta e Baiona. Completarán o folleto con instrucións sobre seguridade viaria relacionada coa viaxe.		X	
Carteis sobre o consumo responsable. Proxecto: Quen somos e onde vivimos III.	O alumnado creará carteis sobre o consumo responsable e o aforro enerxético no ámbito doméstico, para compartir coa comunidade educativa a través da páxina web do centro. Proporá estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os cuidados e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.			X
Xornada de acollida. Proxecto: Cociñamos culturas.	O alumnado preparará unha xornada de acollida ás familias de compañeiros e compañeiras que viñeron de fóra de Galicia cun evento gastronómico no que se degustarán receitas representativas de cada país ou rexión e se compartirán diferentes informacións.			X

#### Observacións:

Durante o curso poderán levarse a cabo outras actividades non incluídas nesa listaxe pero que polo seu interese, pola súa relación cos distintos proxectos de aula, consideremos idóneo incorporalas á programación por ser este un documento aberto e flexible.

#### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A selección e temporalización das actividades é axustada?
Reviso e modifíco frecuentemente as actividades propostas, a adecuación dos tempos, os agrupamentos e materiais empregados?
Propoño novas actividades /tarefas que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados ou un maior grao de adquisición nos acadados?
Ao final de cada avaliación valorase a eficacia das accións programadas na aprendizaxe do alumnado?

<b>Metodoloxía empregada</b>
As unidades/actividades/tarefas que teño plantexadas, permiten que as aprendizaxes realizadas polo alumnado se transfiran a outras situacións da vida persoal e escolar?
Evítanse os exercicios de copia mecánica?
Ensinase aos estudantes a facer presentacións dos seus traballos tanto orais e escritas como de outras formas e tanto individuais como colectivas?
Adáptase a metodoloxía para que poidan aflorar distintos formas de aprender do alumnado?
Proporciono información ao alumno sobre a execución das actividades e como pode melloralas, favorecendo procesos de auto e coavaliación?
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Emprego recursos didácticos variados tanto para a presentación da información como para a práctica autónoma do alumnado?
Involúcrase aos estudantes no deseño do material didáctico para os compañeiros/as?
O ambiente de aula, a súa organización e os recursos empregados contribúen ao desenvolvemento da aprendizaxe autónoma?
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Planifico as actividades e momentos do proceso de aprendizaxe tendo en conta o nivel de habilidades do alumnado e os seus ritmos de aprendizaxe?
Nas unidades de aprendizaxe /tarefas hai actividades variadas e con diferentes graos de desempeño na execución?
As propostas de aprendizaxe adáptanse aos diferentes coñecementos previos do alumnado?
Empréganse de forma sistemática e regular métodos de aprendizaxe cooperativa?
Teñen os estudantes oportunidades para elixir entre actividades distintas?
Utilizo sistematicamente instrumentos variados de recollida de información sobre as aprendizaxes realizadas polo alumnado?
Participase en actividades de docencia compartida?
<b>Clima de traballo na aula</b>
Están previstas actividades para realizar de forma individual, en parella, en grupo, en equipo ou con toda a clase en distintos momentos do desenvolvemento da unidade de aprendizaxe?
Motívase ao alumnado a que se fagan responsables da súa propia aprendizaxe?
Os criterios de avaliación e cualificación son claros e coñecidos polos alumnos e as alumnas e permiten facer un seguimento do progreso do alumnado?
Foméntase na aula o respecto, a colaboración mutua e o emprego de estratexias de resolución positiva e restaurativa dos conflitos?
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Planifícanse actividades de forma coordinada co equipo docente, de nivel e/ou de ciclo ou de outras etapas?
Planifícase e desenvólvese algunha actividade contando coa colaboración e/ou participación das familias?
Utilízanse diferentes medios (sesións de avaliación, boletíns informativos, reunións colectivas, titorías individuais...) para informar ás familias e ao equipo docente da evolución dos procesos de aprendizaxe do alumnado?

### **Descrición:**

Avaliaremos o proceso de ensino e práctica docente cunha escala de valoración do 4 ao 1, sendo 4 o grao máximo de consecución do indicador e 1 o grao mínimo. En cada caso incorporaremos as propostas de mellora necesarias.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Coincidindo coas avaliacións trimestrais realizarase a avaliación do proceso de ensino e a práctica docente valorando o grao de desenvolvemento dos indicadores de logro propostos no apartado anterior. Analizaremos os resultados de cada indicador e incorporaremos as propostas de axuste e mellora necesarios. A partir das melloras propostas para cada un dos indicadores de logro introduciremos as modificacións necesarias nas tarefas integradas/ proxectos deseñados para a seguinte avaliación.

Ao final do curso teranse en conta os resultados da avaliación do proceso de ensino e da práctica docente para incorporar as melloras e/ou modificacións necesarias na planificación do seguinte curso escolar.

### **9. Outros apartados**